



O GROVE • Nº 27
2º TRIMESTRE 2012
EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN
Apdo. Correos nº 86
Telf./Fax. 986 73 32 93
e-mail: clubbreogan@telefonica.net
www.clubbreogan.org

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural


BReOGÁN

Resumo 4º trimestre


Xadrez

Cabalgata de Reis

Mercadillo tradicional

Piraguacross

Gala Galega de Piragüismo



**DEPORTE
GALEGO**

galici@



BO NADAL E PRÓSPERO ANO 2013

Este número 27 deste Boletín Informativo, correspondente ao cuarto trimestre do presente ano, pón remate áss nosas actividades do ano 2012 e significa que o noso Boletín, a pesar das dificultades, cumpre o seu sétimo ano de existencia.

Neste número, menos amplo que en outras ocasións, damos conta da actividade de xadrez, informamos dunha nova participación na Cabalgata de Reis. Tamén recollemos a nosa participación no Mercadillo Tradicional que organiza Enxebre e informamos das actividades de piragüismo: data da próxima Travesía da Toxa e celebración do piraguacross e rematamos coa Gala Galega de Piragüismo 2012, onde o noso equipo e os nos@s deportistas tiveron un lugar distinguido.

E chegadas estas datas, como non pode ser doutra forma, queremos dar as GRAZAS a todas as persoas, empresas, administracións, etc, que axudan que esta aventura que se chama Breogán siga adiante un ano máis.

En nome de tod@s os que formamos a familia do Breogán, queremos desexar a todo o mundo: BO NADAL E PROSPERO ANINOVO.



Nova tempada de xadrez

O día 12 de xaneiro iniciase unha nova temporada da Liga Galega de Xadrez, e o Breogán estará de novo presente con dous equipos en competición.

Primeira División

O Breogán "A" participará no Grupo B da Primeira División Galega, tendo o seu primer enfrontamento na casa, contra o Escuela Lalín "A". Rematando a súa participación o 20 de abril, visitando o feudo do CXF-Casa da Xuventude.

O resto de equipos que forman este grupo son: USC Xuvenil, Mercantil de Riveira,

Escuela Lalín "A", EXP Ramón Escudeiro Tilve, Xadrez Nemenzo, Xadrez Gallaecia, Asociación Ex-alcohólicos, Marquiño, Algalia de Abaixo e Distribunosa-Xadrez Rianxo.

Terceira División

O Breogán "B" participará no Grupo F da terceira División Galega, iniciando a competición o mesmo día que os seus compañeiros e, tamén tera o primer enfrontamento na casa, onde recibirá o CXF-La Marina.

Este grupo conta con menos equipos que o anterior que partici-

pan na primeira división, polo cal a súa competición rematará antes. Así, está previsto que o Breogán "B" teña o seu último enfrontamento o día 2 de marzo, cando visitará ao equipo CXF Banco Novagalicia.

Completase este grupo cos seguintes equipos: Xadrez Dorna, Clube Agora e Escuela Lalín "C".



 Especialistas en Seguros de Defensa Jurídica

 Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



Cabalgata de Reis

Por sétimo ano consecutivo, o C.M.D.C. Breogán estará presente no desfile da Cabalgata de Reis con unha carroza propia.

A presenza da carroza de Breogán no desfile do cinco de xaneiro xa empeza a ser habitual, grazas ao traballo desinteresado dun grupo de persoas da nosa entidade.

A principal motivación que nos fai sacar a rúa esta carroza e ver a cara dos cativos cheos de lelicia; e poñer o noso grao de area en facerlles pasar un momento agradable nos tempos duros que nos toca vivir.

Igual que outros anos, contamos con unha axuda da Concelalía de Cultura para afrontar os

gastos, pero que neste ano a súa cuantía se veu reducida de forma importante, aínda así faremos un esforzo para non faltar a nosa cita cos máis cativos.

Nesta ocasión a carroza irá decorada como si fose unha granxa, onde se incluíran varios cativos; agardando que o resultado deste traballo sexa do agrado de tod@s.

IX Mercado Tradicional “Enxebre”

Por segundo ano consecutivo, Breogán respondeu a invitación realizada polo Grupo de Teatro Enxebre, e estivemos presentes na novena edición do seu Mercado Tradicional.

A data de celebración, despois de varios cambios pola ameaza de choiva; foi o sábado día 7 de decembro. Nun día que aínda que non choveu fixo bastante frío, a pesares desto, a asistencia de público a este acto, foi moi interesante.

Nesta reprodución do Mercado que antaño se facía na Praza de Arriba, participaron diversas



entidades culturais do noso municipio, onde se montan unha serie de postos para a venda de produtos da terra. Breogán o igual que o pasado ano, montou unha especie de taberna na que o seu principal

produto foi o viño tinto.

Dende Breogán felicitamos a Enxebre pola posta en marcha desta iniciativa, o tempo que lle agradecemos que nos invitasen a participar na mesma.



“la Caixa”

Piraguacross

O sábado día 1 de decembro tivo lugar un piraguacross organizado pola FGP, que foi unha mezcla de carreira a pé e piragua, buscando unha actividade para os deportistas nestes meses de inverno nos que non hai competicións oficiais.

Esta proba celebrada nas orillas e nas augas do Lerez o seu paso por Pontevedra, constou duns seis km de carreira a pé e logo de preto de oito km en piragua. A participación foi importante, chegando a inscrición a casique cento setenta deportistas.

Varios dos deportistas do Breogán estiveron presentes nesta proba amistosa (na foto), donde a pesares de estar nun período de preparación cara a temporada que se iniciará en febreiro, algún dos nosos obtiveron resultados



interesantes.

Laura Garcia impuxose entre as mulleres kaiakistas xuvenís, Diego Romero foi segundo

nas canoas senior e as mulleres kaiakistas senior acabaron segunda, Tania Alvarez e terceira, Natalia Garcia.

Travesía da Toxa no 2013

Este ano organizaremos a X Travesía da Toxa, que será a XXVII edición do Trofeo Concello do Grove de Piragüismo.

Normalmente esta regata tiña lugar no mes de abril, pero nesta ocasión dende a organización do Desembarco Pirata que se organiza a través de Emgrobes; solicitaron a nosa colaboración para realizar alguna actividade de piragüismo no fin de semana do 8 e 9 de xuño, coincidindo coa celebración deste evento.

Coa intención de colaborar na medida do posible, en calquer cousa que poida ser bo para o noso pobo; solicitamos a FGP a posibilidade de organizar a nosa regata nestas datas.

Finalmente a Federación Galega de Piragüismo aceptou e, o pasado día 1 de decembro na Asamblea Xeral aprobouse o calendario da temporada 2013, onde consta que a Travesía da Toxa terá como data de celebración o sábado día 8 de xuño.

HABITAT

Decoración

Caída do tellado da escola de música



No número anterior dabamos conta do peche da Escola de Música, por mor de varias cousas, entre elas o mal estado do local que ate o de agora era a sede de Breogán, sito en Luis A. Mestre 14.

Depois de poñernos en varias ocasións en contacto cos propieta-

rios, informando do mal estado, presentandolle un orzamento para o seu arranxo que eles mesmos nos solicitaron, ao final o tempo e as condicións climatolóxicas fixeron que unha parte do tellado se veu abaixo. Na madrugada do sábado día sete, unha parte do tellado caeu deixando un oco que

se pode ollar dende a rúa e na foto que adxuntamos a esta información.

Os propietarios do local a foron informados do peche da Escola de Música e da caída do tellado, e por fin tomaron cartas no asunto e un días despois procederon o tapado do oco.

Xa á venda a lotería de Nadal

Como todos os anos, unha vez celebrado o sorteo da Lotería de Nadal, poñemos a venda a Lotería de Reis; coa intención de que sexa unha das vías de ingresos atípicos que nos axuden a manter a actividade das distintas seccións da nosa entidade.

Estas aportacións son cada día

máis importantes, xa que outros ingresos xa sexan públicos ou privados, estanse vendo cada día máis reducidos pola crise que estamos a padecer. Por elo é importante a colaboración de tod@s na compra da lotería que poñemos a venda, que o mesmo tempo podenos dar unha boa sorpresa, a ver si é desta.

O tempo que agradecemos a colaboración das persoas que adquiren décimos ou participacións da nosa lotería, queremos agradecer especialmente a colaboración desinteresada dos distintos establecementos que colaboran con nos para a venda da lotería, o todos, MOI-TAS GRAZAS.

Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL



Gala Galega de Piragüismo 2013

Día 1 de decembro tivo lugar a Gala Galega de Piragüismo 2012, na que se entregaron os premios os clubs clasificados nas tres primeiras posicións das distintas ligas e modalidades deste deporte en Galicia.

Asimesmo, foron entregados os premios da Xunta Directiva os mellores desta temporada e, aproveitouse para facer un recoñecemento a todol@s deportistas galegos que neste ano participaron en competicións internacionais, que foron máis de cuarenta. O Breogán tivo representación en todos estes apartados:

Nas clasificacións de clubs, obtiveronse os seguintes galardóns:

- Terceiro Posto na Liga Galega de Pista.
- Terceiro Posto na Liga Galega de Alevíns e Benxamíns.

No apartado de premios da Xunta Directiva, foron galardoados:

- Alvaro Bravo, como Mellor Promesa Masculina, xunto co K-4 que acadou o Subcampionato de Europa Sub 23.
- Natalia Garcia, Mellor Promesa Feminina, polo seu octavo posto no Campionato de Europa Xuvenil.
- David Mascato, pola súa Traxectoria Deportiva.

Tamén foron agasallados os deportistas do Breogán: Tania Alvarez pola súa participación no Campionato de Europa Xuvenil e no Campionato do Mundo de Maratón. Diego Romero tamén foi homenaxeado pola súa participación no Campionato de Europa Sub 23. Asimesmo foi galardoada nesta Gala, Teresa Portela como Mellor Deportista Feminina, polo seu cuarto posto nos Xogos Olímpicos de Londres.

